



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/01/10:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada que sobe da N-550 á lagoa de Castiñeiras, denominada EP-0103, atópase en pésimas condicións, sobre todo nalgúns dos seus tramos. É destacable esta situación calamitosa en cinco lugares: na ponte da autoestrada, na curva do campo de fútbol, nas inmediacións do lugar de Croas e nas curvas próximas ao centro Reto. A banda exterior da calzada está practicamente destrozada debido ao tráfico continuo de camións cargados de terra das excavacións da liña do eixo atlántico do AVE, algo que seguramente non se tivo en conta na súa construción.

Este é un vial importante e de moito uso, xa que é a estrada de acceso aos núcleos de A Graña e Postemirón, na parroquia de Vilaboa, e aos núcleos de Croas e Balteiro, na parroquia de Figueirido e utilizada, sobre todo no fin de semana, polas persoas que se acercan ao Lago de Castiñeiras.

Durante moito tempo fíxose cargo do seu mantemento e conservación a Deputación de Pontevedra e actualmente non é de titularidade de ningunha administración, pero ao transcorrer polo termo municipal de Vilaboa o concello debe facer a labor de vixilancia e mantela en boas condicións.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa dirixirase á ou ás empresas causantes dos desperfectos para que estas asuman a súa reparación.

Segundo. O Concello de Vilaboa solicitará que este vial (EP0103) sexa incluído dentro da rede provincial de estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra.

Vilaboa, 26 de xaneiro de 2010.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA